

# A NOSA TERRA



Año XXXV — Núm. 489

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N° 376.979

CORREO  
ARGENTINO

FRANQUEO PAGADO  
Concesión 2032

TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2727

Bos Aires, Abril de 1954

## Nosa Coleitividade e o Falanxismo

A coleitividade galega de Bos Aires é federalista e republicana. Este é un feito que ningúen inora. Por eso é inútil que se trate de conquistar para uncila ao xugo falanxista. Perden o tempo os embaixadores oficiais e oficiosos do malfadado réxime en pretender tal cousa. Endexamáis a concencia da nosa coleitividade será traidora á súa Patria.

Houbo un momento —no ano de 1936—, que foi crucial para a nosa Terra, cando todo corazón galego latou de entusiasmo e esperanza ao celebrarse o plebiscito do noso Estatuto. Galiza entón, despois de catro séculos de escravitude, ergueu a testa e afirmou a súa persoalidade e o direito de gobernárese por si mesma. Pero todo quedou afogado na tormenta que de seguida desencadearon as forzas reacionarias e que sumiu a España na más negra tirania.

A nosa Terra foi unha das que máis sufriu. Os álbunes do noso inmorrente guieiro Castelao amostran a barbarie falanxista en todo o seu horror, párando que ela se cebara cos que máis amor tiñan por Galiza. Milleiros de irmáns nosos caíron polo solo delito de ser galeguistas. Para os esbirros de falanxe era máis grave ser autonomista galego que comunista ruso. Por algo dixo Calvo Sotelo: "Prefiere una España roja a una España rota".

España, efectivamente, non se rompeu, pero a súa traición de progreso quedou interrumpida, dando un salto atrás de máis dun século e os ancellos de liberdade da nosa Terra ficaron escondidos na noite que cubreu o céo da península.

Os que nos atopamos fora da nosa Patria, os que podemos falar no nome dos irmáns que nela están agriñados, temos a obriga de expresar o noso pensamento con toda claridade e leitar sen desmales polos ideas que deben existir no corazón de todo bó galego. Por eles morreron miles de irmáns nosos; por eles o menos que podemos falar desde ciqui é manter alcendida a antorcha do noso ideal e arredarnos, como da peste, dos que cobriron de loito a nosa Terra e impidieron que ela faga e soberana.

Por fortuna, a nosa coleitividade de Bos Aires douzadas mostras en moitedume de ocasións de ter un espírito rexio e insobornabel de galleguidade, que naide, por outo que sexa, será capaz de quebrantar. A masa, a gran masa anónima dos galegos que ciñen vivir, ainda responde con entusiasmo aos chamados patrióticos que se lle fan. Pouco importa que arredor dela medren xentes sen máis concencia que a do seu estómago, porque esas xentes recibirán o seu merecido o día que se descubran as súas andanzas.

A misión histórica que os galegos espallados polo mundo desempeñan neste intre decisivo para a porvir da nosa Terra, non será alterada polos "vivillos" que con pel de ovella tratan de infiltrarse no seo das distintas coleitividades nosas. Polo que toca á de Bos Aires, nós podemos responder por ela como de nós mesmos. Máis dunha vegada dou probas de acharse alerta e decidida para evitar contubertos que luxasen a nosa limpia executoria; máis dunha vegada castigou co seu látigo aos traidores que trataron de entregala ao inimigo, a cumulo de promesas e dádivas. Non; nós non duvidamos da súa recta intención, porque non podemos duvidar do seu amor a Galiza.

Non oustante, damos un toque de atención sobre de certos movimentos que se notan en col de algúns dirixentes do Centro Galego, a quen tratan de arrastrar ao abismo falanxista para ofrendarilo ao Caudillo como preciado tributo de acatamiento ao seu réxime de oprobio. Sempre o Centro Galego foi a presa codiciada dos que asesinaron aos nosos irmáns. Non Iles basta a eses verdugos o ter a Galiza asoballada e escarréccida? Ou é que queren tamén convertirnos a nós, aos que vivimos lonxe das súas gadoupas, en viles escravos?

Dá verdadeiro asco ver cómo homes que pola súa posición económica están por riba de necesidades que poderán esplícitar claudicacións; que ocupan postos destacados na nosa coleitividade; que teñen un historial bastante discreto; que aspiran ainda a merescer o aprecio ou o respeto das xentes, non sintan unha migalla de vergonza ao ter relacións con persoas politicamente indesexabéis e que contribuíron, ademais, ao sometimento da nosa Patria. ¿Qué buscan con esos tratos? ¿Pretenden aumentar os seus millóns? ¿Ou desean facer méritos para conseguir algunha cruz? A de Sabela a Católica, posíamos por caso. ¡Linda cruz para un galego!

Máis que xenreira, causan unha gran pena que se chegue a tanta baixeza, a tanta indinidade, para venderse por "trinta dinheiros", ou por algún cíntaxo de relumbrón, que despois de todo, de nada Iles servirá quando chegue o momento en que o povo diga a súa última verba. Porque o povo, señores aproveitados, será o que ao final xuzgue sen apelación dos vosos aitos. E a fe que nós esperamos dél xustiza exemplar.

Non tratamos de dar consellos. Dernasiando grandes son xa os que poderán aproveitálos. Nin polo demais nos intresa que procedan dun xeito ou doutro. Todo o mundo os coñece e marcados están para engañar a ningúen e recibir o seu xusto premio. Pero A NOSA TERRA non pode nin debe silenciar feitos de tal natureza, que afectan ao honor da nosa coleitividade e dan argumentos aos verdugos do noso povo para despreciarnos a todos por viles.

Dunha vez por todas é necesario plantarse e tomar en serio as falcatruadas que fan media ducia de figuróns, que se creen con dereito para representar á nosa coleitividade e falar en nome dela co ruido que producen os seus millóns, e tomar unha boa basoira para facer a limpeza imprescindible. Hai que proceder enerxicamente e con urxencia para evitar o contaxio. Toda cras de peste debe ser combatida por medio dun corón sanitario e cos desinfectantes máis poderosos.

Temos enteira confianza no patriotismo acendrado de todos os galegos, dos bóis galegos que integran a nosa coleitividade desta gran capital do Prata, para que dividimos das medidas máis axeitadas e fin de que ningúenouse arrastrar o nome da nosa amada Galiza polo barco onde certas persoas acostumaron a caminar.

Coidamos que as bandeiras federalista e republicana, que sempre estiveron izadas ao topo dos nosos ancellos non deben ser arraiadas nin exixidas endexamáis.

## LEMBRANDO O 14 DE ABRIL

O día 14 do mes da data, cumpríuse un novo cabio de ano da más gloriosa xeira democrática levada a cabo polos povos hispanos, os que, fagendo uso axiomatico do dereito do voto, por medio dunha simples eleccións municipais, derribaron á reacionaria e tiránica Monarquía Borbónica, proclamando, co orde máis ou soluto, un inxenuo e xubiloso entusiasmo o réxime Republicano.

Aquel esprazado alboroxar da democracia peninsular, prometía satisfacer todolos ancellos de redenzón, dende longo tempo degoiados polas concencias ceibes i os espíritus progresistas. Redenzón política, estruturando un réxime de liberdade e democracia; redenzón social, destruindo o feudalismo, rómora do progreso económico; redenzón das Nacionalidades oprimidas por un cerril e decadente cesarismo centralista, organizando o Estado en Réxime Federal.

Desgraciadamente, ningúna das lexitimas aspiracións peido ser satisfeita, porque o réxime Republicano, sober de que tiña de se asentear o resarcimento da verdadeira España, debería garantizar aos povos que a compoñen o libre exercicio da súa soberanía, en igualdade de dereitos e deberes, sin tutelas xenómicas nortentas e reacionarias; malas careces de guieiros que estiveran á cultura das circunstancias e dos povos, antecedentes de renovadora evolución democrática.

Os guieiros do Novo Réxime, non tiveron xerro e visión política pra se decatar, que a realidade española non pode ser elida desde Madrid, onde non se tñen interpretar outros ancellos que os do povo castelán, cujo único ideal e vivir marginalizado nas páginas da Historia, que cal si foran unha fanga, estatifica a súa súcion, impedindolle ter, degollos de porvir.

Cambouse de réxime, que nun se trocan de ihormas. O ideal español sigue sendo tan falso como nos

tempos da Monarquía, porque en vez de ser español era castelán. Por elo non se permitiu que os poderes do Novo Réxime afincáranse sobre das nacionalidades diferenciadas e dos povos da periferia peninsular, onde o espírito republicán tiña os máis fortes baluartes, os que lle darían á República a estabilidade e fortza necesarias. Castela sigue impondo a súa hexemonia i os seus módulos potenciais, revellidos e reacionarios ao resto dos povos peninsulares, que a pesar de careceren de poderes, teimaban acadar a degollada meta de liberdade, democracia e progreso. Pro como istes ideas eran incompatibles cos da Hispania tradicional, nas cavernas de Burgos, Salamanca, Valladolid, etc, incubouse o "Glorioso Movimiento de Salvación Nacional", inspirado polos espíritus maquiavélicos, fanáticos e crueles das Sabelas, dos Torquemadas, Fernandos, Carlos, Alfonso, etc. E velahi os temos contínuando a "Historia de España".

Aitualmente, a 23 anos daquela prometedora data, atopámónos con resultados fadalmemente negativos, protan ricos en aleacionadoras esperanzas, que si sabemos aproventalos, dárenos a pauta pra que a nosa situación peida desembocar no réxime político que precisa a Península, que non pode ser outro máis que a República Federal, na que cada unha das nacionalidades que a compoñen, poída desenrolar libremente, sin ningúna eras de dependencias, todas cantas realizacións permitais levar a cabo as grandes reservas de enerxías creadoras que atesouran.

Galiza foi un dos lugares onde con más paksón e más esprazada fe se leitou polo adximento do Réxime Republicán, non somentes por sermos os galegos republicanos e demócratas por sentimento e convicción, senón tamén por coidar que Iles era i é a rota que ha levarnos a dar cima ás aspiracións de recuperación da personalidade histórica, política e cultural da nosa Terra, que cada vegada con máis intensidade

dade ven pondo de manifesto. O povo galego prestoulle ao Novo Réxime o seu acceso e leal apoio, i en pago delo, recibiu unha nova desilusión, unha éstafa política, que non a outra cousa equi va! a defraudación que dos nosos anteces federalistas, fixérromos ouxento os poderes do novo Estado. Emporiso, cando nos círculos políticos da emigración ándase a procurar voltar ao Réxime Republicán do 31 desaparecido máis que pola aición dos seus nemigos, polos erros dos seus dirigentes, non podémos apartar dos nosos sentimentos a desconfianza i a dúvida dos móviles que se persiguen, porque, unha de dúas: ou o republicanismo que se prega é falso, e soio serve pra esconder outras inquedanzas, ou a cegueira crónica que padecen istes elementos é un mal que non ten cura, pois non lle sirven de ren a amarga esperanza dos derradeiros anos. Nós, en troques, dependemos moi ben de estas leccións, e por elas chegámos á conclusión de que España non ten máis alternativas que a Confederación de Estados ou o desmembramento. Emporiso eoidamos que o que compre é aproveitar o sentimento republicán sempre vivo no sentir dos povos peninsulares, peticionar por un réxime que contemple con xusta realidade, as lexitimas aspiracións que por non haber sido en seu tempo debidamente satisfitas, tanto agora lamentamos.

Queremos a terceira República, porque a segunda xa foi superada é ausurdo alicionar en 1931 como en 1931. Tudo nos move a elo, o sentir do noso povo i memoria dos mártires que morreron pola libertad, regando co seu sangue as froitas ventureiras que hoxe median a verda dos caminos, como pra lembrarnos o cumprimento dun deber. Queremos unha Patria libre e democrática, que teña as despensas cheas de pan i as bibliotecas cheas de libros; queremos que o Goberno se achegue ao povo pra que dél xurdan sólidas institucións que permitan o desenvolvemento das súas facultades de superación e progreso, e sexan garantía das súas liberdades.

## Encol da Actitude de Actuaes Dirixentes e Presuntos Candidatos ao C. Galego

Qué loute están pra algunas persoas aqueles vegadas en que polas rúas, en órgaos periodísticos, nas radios en carteis murais, en visitas domiciliarias e incrusos por medio de tarxetas persoais pedisse o apoio da coleitividade galega pra determinada lista de candidatos aos postos directivos do Centro Galego, engadido, quē esa era a lista republicana!

Ocurrensenos estas reflexións ao comprobar certos manexos que deixaron alarmante vénense repelindo, albiscando un maridaxe desconcertante ante elementos que fagüian profesión de fe republicana e galega, e que ágora, desvergonzadamente, o réxime existente que agravia a nosa patria.

Os partidarios do franquismo traballan acotío — i están no seu papel — pra engaiolar dentro da súa órbita á meirande institución dos galegos emigrados: o Centro Galego de Bos Aires.

Atal ouxeto, fixérromos moitos fincos sen resultado positivo até o d'agora: presións diplomáticas; infiltracións de xentes incondicionadas ao réxime; embaixadas artísticas, culturais e cinematográficas; desfiles carnavalísticos; pseudos congresos d'apariante apoliticismo; adulacións, aproveitando vaidades persoais, etc, etc. De todo isto, xa estamos fartos e to-

do encamiñado ao mesmo fin: rendir ao Centro Galego pra convertilo en activo propagandista do réxime falanxista. Afortunadamente, e apesar de todas as ofensivas, o noso Centro segue do pé con firmeza e reciedame.

A vixante actitude da masa sociotáctica que non admite elandicacións de ningún xénero, amostrado en canla oportunidade se lle presenta de easitar eo seu vozo aos traidores, así como as manifestacións dos seus representantes nas asambleas de seccións, refrexan dun modo contundente o refugamento a toda iniciativa de achegamento aos representantes das goberno franquista.

Apasares destas realidades que dinben ás craras cáll e sentir da coleitividade galega, algúns capitostes enemistados na directiva do Centro Galego, e outros, aspirantes a ocupar cálls no mesmo, dun tempo ciñu, andan volvoretexando ao redor da Embaixada i é mester chamalos á realidade.

Co gallo da visita a Bos Aires do empresario cinematográfico, Cesáreo González, xa o ano derradeiro amagouse un intento de penetración, teimando agasallalo a nome da coleitividade, agasallalo que foundou nun rotundo fracaso pois non concorreron máis que os organizadores, e ainda a esas, non todos.

Nesa oportunidade, as nosas xentes

espresaron a súa disconformidade diante a presenza do axente franquista, calificando, como era merecemento, aquele cebo que, pra congraciarse con noso, o levou a enviar unha ofrenda floral no sartego do inesquecible guieiro Castelao, ofrenda axiña retirada e condenando unanimemente a actitude de queles luxaron os sentimentos colectivos, fallando no respeto debido á memoria do meirande galego de Galiza.

Coidábamos que aquela proba abondaría pra chamar ao rego a queles sospeitaban que o sentimento galeguista e republicán ficaba adormida na nosa coleitividade; mais feitos ocurridos recentemente, anástras que andibamos trabucados e por conseguinte, imos a pór as causas onde deben estar.

Novamente o axente franquista Cesáreo González, andivo por Bos Aires, e, os mesmos da outra volta — con algunas baixas máis — reuníronse nunha cuchipanda — esta vegada sen tanta bombolla nua publicidade — nun xestorán céntrico. O ocurrido é dífido de comentar.

Logo dunha suculenta cea, acompañada de bó viño, chegaron os conseguientes discursos onde se "locionaron" como oradores, Don Ricardo Badía e o señor Goyanes, o primeiro destacando a personalidade do axente de Franco, e o outro, rezando "Continúa na pág. 2".



# Memoria das Tarefas Galeguistas Asambrea da Irmandade Compridas no Ano 1953

Por falla de espazo, facemos solo un breve resumo das tarefas cumplidas polos irmánidos no decurso do derradeiro ano, que sinifícan sin dúbida un paso rexio e firme no espallamento dos ideais galeguistas no seo da nosa colectividade e constitúe un índice llerro da amplitud de que ven adequerindo o sentimento do rexurdir patrio en todos os nosas xentes.

## CREACION DAS MOCEDADES GALEGUISTAS

Un feito que encerra as máis ilustradas posibilidades futuras para o galeguismo é sin dúbida a creación das Mocedades Galeguistas, que desde o dia 20 de agosto venen desenvolando unha meritaria laboura. Declaras ebe esperar un valioso aporte de savia nova ao quedanza da xuventude. Levan desenvolto na unha grande laboura de formación e de espallamento do ideal galeguista, que abarca múltiples facetas. Podemos citar como exemplos o alto organizado en conmemoración da morte de Pardo de Cela, o fermoso e sucesivo alto de homaxe a Castelao, o curso de tres conferencias sen colo do galeguismo dictadas polos irmáns Cupeiro, Valenzuela e Prada; os dous altos organizados en cunxunción con vascos e cataláns; as diversas festas de carácter recriativo, nas que se fai un constante espallamento do ideal galeguista; a creación dun fondo distribuidor de libros editados en galego, que ven facilitando a difusión dos autores que cultivan o noso idioma, e outras distintas tarefas cumpridas nestes poucos meses fiendé a súa orxánización, as que dian cracemento do polo e intrés que existe entre os nosos mozos. De traidamente, aparecese o primeiro número do seu periódico "Adiante", que esperamos constituirá un poderoso medio de formación e defensa dos principios esenciais do noso povo, como cabe a tal tarefa de mozos.

## A NOSA TERRA

Motivo de fonda, preocupación desta Xunta Directiva, foi a aparición do órgano da Irmandade, que despois de longo silencio, pudo voltar á rúa levando os ideais galeguistas a todos os galegos que neste e noutrós países viven os anseios de rendención para a Terra. Resulta incesario resaltar a importancia da aparición de "A NOSA TERRA", que permite ao galeguismo organizado porse en contacto con todos os galegos que duxo ou outro alíun na entidades da nosa colectividade, desfacendo maniobras, escrancendo procederes e sinalando de coto o camiño do rexurdir nacional. A sua prédica constante e a súa crítica firme e nobre, débense en grande parte os obxectivos acordados polo galeguismo de Bós Aires neste ano.

O camiño percorrido dende a saída de A NOSA TERRA debe ser a indicación do que debemos percorrer no futuro inmediato, para o que creemos que deben sinalarse os seguintes obxectivos mínimos:

Normalizar a saída regular de A NOSA TERRA.

Percurar a da meitade difusión.

Percurar colaboracións das máis distinguidas manifestacións do pensamento galeguista.

Facer de A NOSA TERRA un organo do galeguismo de todo o mundo, que refrexe as múltiples facetas da actividad dos grupos de patriotas galegos espallados polo mundo.

A saída do periódico perante este ano foi posible grazas ao esforzo extraordinario dunha cantos irmáns, pero entendemos que é mestes que todos os galeguistas se componerán da importancia que ten a saída regular do periódico e xungen os seus esforzos a tal propósito, xa sea con aportes propios, avisos ou axudas de amigos que comparten os anelos de liberdade para a Terra.

Asegurar a saída regular do periódico é a etapa esencial que se ten imposto hoxe o galeguismo ién nome da Xunta Directiva que non medes hoxe aquí, pregamos a todos os presentes que se fagan eco deste problema.

Pernante este tempo mellorouse considerablemente a difusión de A

NOSA TERRA e hoxe en dia o noso periódico chega a máis de mil galegos que altiún intensamente nas distintas entidades da nosa colectividade e manda a moitas xentes no estranxeiro. De todos xeitos esta difusión pode ser ampliada grandemente i-en tal sentido pregamos a todos que nos fagan chegar dirección de xentes a quem resultara interese mandar o periódico.

Tamén soldamos que no futuro será posible aumentar o núcleo de colaboradores de A NOSA TERRA con figuras relevantes do pensamento galeguista e persoas de entidades galegas dos distintos países, convertindose así o periódico nun eloportante do pensamento galeguista e das múltiples actividades que veñen desenvolviendo os irmánidos en distintos rincóns do mundo, servindo de estímulo e impulso na nobre tarefa de darlle cada dia máis pulo a ese sentimento que bule en todos os galegos, até convertir ao galeguismo nun corpo orgánico de potencialidade descuberta até agora.

Tense tamén estendido un plan de espallamento depido do periódico para que chegue a todos os países con prontidá que é mestes, que permitirá remitir o periódico por avión aos países de Centro e Norteamérica con gastos moi pequenos, que poderían ser atendidos facilmente polos mesmos intelectuais en "fácil", mediante pequenas suscripciones.

Grazas poda parecer este plan demasiado ambicioso para A NOSA TERRA, pero todo ele é facilmente realizable. A infuencia que A NOSA TERRA exerce desde a sua reaparición amástranos a necesidade de que o galeguismo conte con un órgano de difusión axustado a maña que ven adequerindo o noso movemento. É mester atopar a solución axustada que permita xerminalar en fermosas realizacións

## COMISIÓN INTERSOCIETARIA

A Comisión Intersocietaria continuou este ano desenvolviendo a súa laboura específica na celebración das datas patrióticas, mantendo as distintas entidades que a integran unha total identificación na política seguida a prol de Galiza e dos problemas que abranguen a colectividade. Como en anos anteriores, esta Comisión Intersocietaria celebrou as datas do Plebiscito, dos Mártires e o cabodado da morte de Castelao, coi altos que acadaron grande resoancia.

"A NOSA TERRA" e demás periódicos da colectividade xa informaron detidamente deses altos, de modo que solo queremos destacar o fondo sentimento con que son celebradas cada ano estas datas e a íntima identificación que existe entre as entidades que componen a Intersocietaria. Sin embargo, podemos que se pode dar a acción desta Comisión anevidos pulos para que estos altos adequen ainda unha mellor importancia, até trocarse en celebracións magnas do dia patriótico, que abrangan a todos os galegos de Bós Aires.

## XORNADAS GALEGAS

Con maior entusiasmo ainda que en ocasións anteriores, celebráronse este ano as Xornadas Galegas organizadas polo Centro Galego, as que se sumaron outros altos organizados por diversas entidades galegas.

A xornada adequadamente este ano polas Xornadas debeuse en grande parte ao sentimento galego que vibraba nos persoas que visitaron a Terra, esperando que estos días se repitan, invitando en anos sucesivos a conferenciantes que sean representantes escepcionais do pensamento galego, os maiores que podem estar en reunión copitualcos problemas que viviron e sinten os integrantes da nosa colecti-

vidade. Nestas Xornadas Galegas tiveron tamén afixións destacada o poeta arxentino Francisco Luis Bernárdez e o irmán Prada, que levaron na súa verba as inquietudes do pensamento galeguista, sendo de resaltar a garimosa acollida que tiveron. Unha extraordinaria repercusión agradou a conferencia de clausura destas Xornadas, que constituiu un vibrante chamado en defensa do noso idioma e dos principios esenciais da nosa nacionallidade, que fixo vivir en todos os presentes a máis profunda e intensa emoción de galeguidade.

Escoadadamente non todo foi galanzas nestas Xornadas e dehenas mencionan o feito lamentable de que no festival do Teatro Avenida aparesceu o Ilíano Gallego co nome de Ilíano aos pinos. Esta Irmandade dixo chegar a súa protesta por este feito e certífanos comprometidos a protesta elevada tanto polo Centro Betanzos, declarando que non autoriza o concurso do coro "Os Rameras" por non crear dificultades de derradeira hora, pero que no sucesivo negaría a da colaboración en todo alto en que o noso nome non figurase co nome de tal.

## CONMEMORACION DO 14 DE ABRIL

### DE ABRIL

Como manifestación do sentimento republicano e revolucionario polos festeiros ocurridos en ocasión da visita a Bós Aires do tristemente renomado Cesáreo González, a colectividade celebrou un importante alto conmemorando o 14 de Abril, no que se puxo de manifesto a firmeza dos nosos ideais. As persoas que coñecían que esmocía o realimento liberal das nosas xentes achá-

Ourense, Betanzos e A.B.C. do Partido de Corcubión, pola colaboración prestada a cotío aos irmánidos, facilitando as súas labores das Mocedades Galeguistas, poñendo á súa disposición os seus locales sociais para os altos programados e para as súas xuntanzas. Tamén acordou que unha representación da Xunta Directiva fixe a chegar ao irmán Núñez unha carta de felicitación pola súa valente actitude de repudio en ocasión da chegada do falanxista Cesáreo González ao campo do Centro Lucense, feito que podesce reiniciar as maniobras d'este "personaxe" para introducirse na colectividade e facer proselitismo falanxista.

Despois de gardar un minuto de silencio en memoria dos irmáns Campos Conceiro, Vilar Ponte, López fillo e demais irmánidos mortos nos derradeiros tempos, o irmán Paz Lestón, como presidente da Asambrea deu por finalizado o alto con verbas de eloxio pola labor desenvolvida, formulando os seus votos porque en todos os tempos siga a laboura fraternal que caracteriza a nosa acción, multiplicándose os mozos nas súas tarefas, para reforzar a laboura dos vellos até ver os ideais da Patria realizados.

Un rotundo desmentido con esalto que xungiu as más importantes entidades políticas galegas. Nelle non falou a voz da Irmandade, que recolleu anovadas promesas de expansión dos sentimentos galeguistas na nosa colectividade.

## MANIOBRAS FALANJISTAS

O falanxismo continúa a maniobrar suturráneamente en postura de confundir a colectividade galega e diluir a súa resistencia ao reximen que escraviza a nosa Terra. As nosas xentes, con una exemplaridade maravillosa, venen analizando as intencions escondidas en esas maniobras e compre destacar o papel reitor que cabe a Irmandade na laboura de escravar o ataque de esos intentos e contrarrestar os seus efectos.

Entre esas maniobras falanxistas acadaron especial importancia a intentada en occasión do viaxe de Cesáreo González, no que se chegou ao insulto feito de depositar unha coroa de flores no sartego de Castelao. A reacción da colectividade foi rexia e inmediata, cabendo unha actuación destacada no galeguismo, que por voz do irmán Puento xinalou o punto culminante da reacción, en occasión do banquete que o Centro Ourense lle ofrecía co gallo de entre, garlle o diploma de socio honario.

Ao fracaso do viaxe de Cesáreo sumáronse os fracasos da visita de Molina Brando do proxecto esmoecido dun congreso de Centros Galegos en Madrid, a anulación do intento de acaparar a iniciativa dun moemento a nai galega, orixinado nos galegos de Bós Aires.

(Continua na pág. 4)



## Desfile de Somas

por VERDUGUILLO

Celebrando o dia douce de Maio próximo, haberá en Madrid un desfile histórico.

Abrián a marcha, vestida de loito, as dúas mulleres de maior valor outo que en todos os séculos nas Hespárias houbo. Dó María Pita e Agustina contó.

Cunha longa vara, montado nun cocho, o alcalde de Móstoles mostrárase logo.

A testa vendada, tristura nos ollos, irá de siguida, nun capote envolto, o de Zaragoza defensor glorioso: Palafax o grande, paladín notorio.

Alvarez de Castro, oficial heroico, que en Xerona fixo seu nome famoso, marchará con grave paso e mirar fosco.

Xan e Empecinado, guerrilleiro tosco, pero decidido, forte e valeroso, que aos franceses nun concedeu acougo, terá no cortejo merecido posto.

Daoiz e Velarde, Rúz e máis outros bravos militares,

soldados anónimos, que por ser patriotas, resultaron mortos, irán no desfile por derecho propio.

Xentes neoraxeñas — auténtico povo — homes e mulleres, en tropel revoltado, levando ante os beixos puñales fiosos e nas mans navallas de acero brilloso; maxas e chispeiros de andares garbosos, que relembran cadros de Goya famosos; todos, polas rúas, irán silenciosos, en muda protesta de senso patriótico.

Dende o seu cortello sen dúvida o Porco estará axecando con medo e asombro, temendo ser presa dun terribel soño.

Ao seu lado, un home de pera e moi longo, sombreiro de copa e nariz de loro, cunha sonrisa mirao de reollo.

;Vai un par de tipos! ;Valentes androides! Son os dous compadres que coñecen todos. ;Qué estarán dicindo para os seus miolos? ;A fe que sabelo sería curioso!

## Novas Autoridades da Irmandade

Na Asambrea do 2 de abril desináronse por aclamación as seguintes autoridades para o ano 1954.

### XUNTA DIREITIVA:

Presidente: Dr. Fiz A. Fernández; Vicepresidente: Rolaldo Prada; Segredario: Manoel Pedreira; Pro-Segredario: Mousés Da Presa; Segredario de Aitas: Antón Moreira; Tesoureiro: Lois Guedes; Pro-Tesoureiro: Antón Rodríguez; Vocales Titulares: Francisco Rodríguez, Lois Ares e Xosé Abraira; Vocales Suplentes: Bieito Cupeiro, Xosé Lema Novo, Manoel Ucha, Antón Suárez Do Pazo e Xosé Daporta.

### CONSELLO OURENTADOR:

Sres. Antón Alonso Ríos, Elpidio Villaverde, Manuel Puente, Gervasio Paz Lestón, Perfecto López, Manoel San Luis, Xosé Alfonso, Alexandre Pulpeiro, Liño Pérez, Xosé Rodríguez, Valeriano Saco, Miguel García Añeráns, Xosé Rivadulla, Antón Gómez, Daniel Nogueira, Euxenio García, Alfonso Fernández Prol, Miguel Alvarez, Avilés Díaz e Ramón Valenzuela.

### COMISIÓN REVISORA DE CONTAS:

Irmáns Federico Zamora, Xosé Neira Vilas e Fernando Iglesias.

**PRINCIPIOS DO  
GALEGUISMO**

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade.
4. Galiza, célula de universalidade.
5. Cooperativa.

# A NOSA PÁTRIA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,  
forxá, forxa de gritos  
Pode optimar o ferro  
Un corpo enfraquecido;  
Mais as nobres ideais  
E gloriosos instintos...  
Eses... non pode non o duro  
ferro.  
Nin a morte extinguiu.

EDOARDO PONDAL

Año XXXV — Núm. 489

Bós Aires, Abril de 1954

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## O IDIOMA DE GALIZA

Por  
**EPICURO**

O idioma galego, "Cristo das lénegas", como con moito acerto o denominou Curros Enríquez, está atravesando na actualidade un dos latrantes más difíciles de súa longa e perseguida existencia. N'eleito ao andadizo mimético que dende antigo venen padecendo algúns dos seítores da povoación das nosas cidades e vilas, cujo afán de rendir espresións e deires a outras terras e ben coñecido, temos agora que lle engadir a xeneira antigallega que soñan os siciarios do réxime que agrilloa á nosa patria.

Pra ningún galego é un segredo e afán que amosaron sempre os vocíos da cultura castelán —— ad que non son allos moitos que señorados nados en Galiza están o seu servizo — en presentar, con airs de arrogante superioridade, o Idioma Nacional galego como variedade dialectal do Castelán, como lingua rústica sin tradición cultural, como esteriorización de bárbaro intelecto etc. E, inda que istes conceitos carecen de toda veracidade histórica, siguen sendo as razões con que se trata de xustificar a contumaz persecución da cultura autóctona de Galiza na más outa da sua esteriorización; o idioma, por parte d'un Estado que pretendendo ser a estrutura xurídico-política do

Hespánia, na práctica non é outra causa que un instrumento da hegemónica dominación castelán.

O arrequeitamento actual das ciencias filolóxicas e políticas, as cales, a pesares da súa diferenza son concorrentes entre si, fixo trocar os trabucados e revellidos conceitos que sobre das nacións e das culturas eran admitidos como axiomas inda non fai moitos anos.

A Nación, decía Frat de la Ribia, "E unha unidade de cultura, con unha alma colectiva, un sentimento un pensamento propio". Ista unidade de cultura esterioriza a súa configuración emocional por meio dun idioma, que é o atributo que máis nidiamente sirve para definir, porque sirve pra que o ser humano responda forma ás ideas que sinte, e reflexe toda a diversidade de sentimientos e emocións que animan no seu espírito.

Galiza baixo a férula imperialista da cultura castelán, vive dende fai más de catro séculos sofrendo unha permanente coacción moral, que lle non permite ao noso povo, desemolar os naturais impulsos creadores do seu xenio colectivo. O afastamento de Idioma Galego des-

centros de ensino e demás círculos culturais, detivo a normal evolución da cultura autóctona do noso país; pero isto crime de lesa cultura, non logrou nin logrará endevitámos, nitar o xenio característico do espírito de Galiza, porque ele ademais de ser o resultado lóxico dun fato de factores xeográficos, atávicos, etc., romanecen raíces que nada dun sentimento racial; o substantium étnico, non pode desfruirse coa formas pedagógicas trabucadas, nin coa imposición nos módulos culturais alienos á psicoloxía do povo. Sin dúbida cíquimais que en ningun outro factor, a razón do fracaso é a desimpresión a Galiza unha mentalidade aliena á natural personalidade do noso país.

Tempos loubo, nos que poído transmírse o desparecemento do Idioma Galego e de todas as particularidades que personalizan e definen á nosa Nación. Pretendeuse trocar o espírito de Galiza, obrígandole á assimilação dunha cultura estrana, con tan probes resultados, que ao non logralo, soio conquistara rebaxar o nivel cultural do povo galego á mimina expresión, na que acabou por descoñecer todo a rica tradición cultural de que era herdeiro, e canto con súa vida e historia tiña relación. O Estado centralista exerceu sobre da nosa patria tan cruel poder, que chegou a falsoarse a Historia, botando enriba do noso esventrado povo toda casta de lendas aluxuriantes, de paulínias e xeneiras, que segulan ver aos galegos como una xente inferior, incapaces pro exercicio das artes, das ciencias e de todas as disciplinas da sabedoria.

Na actualidade xa non é posibel co irrefutabel testemuño de novas soster conceitos semelantes, porque a verdade histórica atípicas probas e valiosos documentos, tales como os cancioneiros, verdadeiros tesouros nos que se reflexa toda a virtude lírica do noso Idioma, cando inda o Castelán apenas en comenza a ser a xerga en que falaban mouros e xudaizantes, porque até na mesma corte de Castela o Galego era a fala da xente culta. O Idioma Castelán impúxose ao Galego non polo seu superioridade, que non existía, senón polo meirando poder militar de Castela. Emporio que hoxe subestimar o Idioma galego, é dar mostras de ignorar seu esgravo orixinal, e o favorecer adrede a opresión cultural que sofre Galiza, soio pode esperarse de xentes que carecen dos máis elementais coñecementos históricos-filolóxicos, ou de quienes non ignorando o outo valor do noso idioma, ocultan a verdade pra faguer de servidores da cultura castelán.

O galeguismo tamén estivo presente no acto de homaxe a Compaiños realizada polo Casal de Cataluña en occasión do Día de Galiza. O debate libre que seguiu a continuación puixó de manifesto a fonda emocionados galeguistas e o seu coñecemento dos problemas da Terra.

O irmán Valenzuela pronunciou

una ferma conferencia no alto organizado no Casal de Cataluña en occasión do Día de Galiza. O debate libre que seguiu a continuación puixó de manifesto a fonda emocionados galeguistas e o seu coñecemento dos problemas da Terra.

O galeguismo tamén estivo presente no acto de homaxe a Compaiños realizada polo Casal de Cataluña en occasión do Día de Galiza. O debate libre que seguiu a continuación puixó de manifesto a fonda emocionados galeguistas e o seu coñecemento dos problemas da Terra.

No curso deste ano a Xunta Directiva deu cumprimento a manda da derradeira Asamblea, entregando á señora Virxinia Pereira de Castelao un fermoso diploma nomeando socios honorarios ao sempre lembrado Quiñones de Castelao e a súa dona.

O traballo de anos e anos, o traballo que facía ríu a deseñadores desloigados, esa tarefa inmensa de facerlle ver ao noso povo as súas condicións, os seus dereitos e a necesidade de reaxer contra a supeditación a intereses e pensamentos alleos, comeza a dar frutos promisorios. Cada día a esa renascentia adeúzase mais amplitud e abranque campos novos. A maoría dos galegos sintese hoxe seguros de si mesmos; cada dia esperan más peitos a ese sentimento de Patria e o movemento de rexurdimento, adequire cada dia más pulo e redume. Os intelectuais galegos siguen os seus traballo de investigación na procura de fixar as bases do noso rexurdimento e un fermoso palsaxe de posibilidades futuras encerra para nós o porvir. Para acadalas é mester seguir como até agora traballó firme, rexo reforzando se posibel os esforzos que até agora vimos adicando os galeguistas a noso ideal. E o galeguismo espera de tod'os irmáns — cumpran coa súa mandá na debenza dos osos dereitos do povo diferente.

O Patronato Rosalía, do que forma parte esta Irmandade, desenvolveu naba importante tarefa este ano, podéndose así merecer a casa onde viven a esgravia poética e facer os arranxos necesarios para instalalar un museo. Rosalía veuse adorada na Terra coa publicación dos seus traballo que permanecían inéditos.

O galeguismo tamén estivo presente no acto de homaxe a Compaiños realizada polo Casal de Cataluña en occasión do Día de Galiza. O debate libre que seguiu a continuación puixó de manifesto a fonda emocionados galeguistas e o seu coñecemento dos problemas da Terra.

## A Irmāndade Galega Nomeou Socio Honorario a Castelao e a sua Dona

A Xunta Directiva da Irmandade Galega, cumprindo a resolución da Asamblea que nomeou socios honorarios da entidade no nunca esquecido Castelao e á súa dona, fixe entrega á señora Virxinia Pereira de Castelao dum artístico diploma, obra do renomado artista galego Seoane.

Con este motivo, o dia 26 de marzo derradeiro concorrerán a visitar a dona Virxinia unha comisión composta polos irmáns Fiz Fernández, Rodolfo Prada, Manoel Pedreira e Xosé Abraín, no fogar que iai revivir tantas lembranzas do lumioso guion desaparecido. En verbas sínxelas e cheas de emoción, e irmán Presidente fixo entrega do diploma, que recibiu dona Virxinia con fondo agradecemento para a Irmandade pola desinación de socios honorarios, e para o artista que regalaba así es cesos ellos con un diploma de tan fonda significación e de tan fondo sentimento galego, como os logrados por Seoane en esta creación representativa da súa arte.

Doña Virxinia fixe chegar a esta Irmandade unha significativa e ferma carta de agradecemento que díxenos transcribir para todos os Irmáns. Di así:

"Estimado amigo e Presidente: Despois de saudalo moi atentamente — saudo que fago extensivo a todos os benqueridos irmáns — pase a decirles a inmensa emoción que experimentei ao verme tan bondadosamente agasallada por vostedes concedendo-me un honor que en verdade estou ben lexe de merecer. Mais, si esta xornosa distinción é polo meu cativo mérito de ter sido a fidalgo compañeira que o noso entrañable Castelao mereceu ter, compartindo totalmente con él o camiño espiñoso do seu puro ideal, estén si, que o recibe con íntimo orgullo, o a satisfacción natural a él nreste diploma magnífica, obra de gran artista e amigo Lois Seoane.

"E como non atopo verbas de abondo para lles agradecer en todo o que vale esta nova demonstración de agarimo que acaban de brindarnos, direilles con todo o meu corazón galego; gracias, moiñas gracias, por El e por mis amigos e irmáns..."

Sempre

Virxinia Pereira de Castelao"

## Memoria da Irmandade

(Ver da pág. 3)

res, e o fraxiso completo nos intentos de abear á colectivididade galega na antídia do 12 de Outubro, organizada por organismos oficiais do falanxismo, que aproveitando a natural curiosidade do público de Bós Aires polos espectáculos gratuitos, pretendean presentalo como unha manifestación de adhesión ao falanxismo. A unanidade con que a colectivididade galega rechazou a manofbra incalificável, na que se chegou a utilizar a insidiosa, presentándose como postos a rendir homaxe a Arxentina, di ben craro da firmeza de sentimentos dos galegos de Bós Aires e da trascendencia dos sentidos galeguistas.

## PUBLICACIÓN DA HISTORIA DE GALIZA

Neste ano chegaron a Bós Aires os materiais para os dous primeiros tomos da Historia de Galiza que ven preparando un grupo de intelectuais na Terra, sufragados polo irmán Puente, que sumou esta nova iniciativa ás moitas que xa lle debe o galeguismo. O acto de entrega destes materiais constituiu unha ferma mostra do intrés despertado por este acontecemento e tuvo ademais a outa virtude que dele xurdira a iniciativa de novos proyectos culturais de magnitude, como sería a confección dun diccionario etimolóxico, indispensabel para a fixación do idioma galego, que desexamos poda ser unha pronta realidade.

OUTROS ALTOS DE AFIRMACIÓN GALEGUISTA

Co grito de cumplirse o centenario do nacemento de Antóni Paçal, o Centro Betanzos organizou un alto de homaxe ao ilustre betanzense, no que fixo uso da verba o irmán Prada, destacando a gravitación deste patriota nas xornadas históricas da Xunta de Lugo. En col do mesmo tema o irmán Prada pronunciou un fermoso discurso en ocasión das Xornadas Gallegas, que acudou unha gran resonancia en todolos ouvintes.

O Patronato Rosalía, do que forma parte esta Irmandade, desenvolveu naba importante tarefa este ano, podéndose así merecer a casa onde viven a esgravia poética e facer os arranxos necesarios para instalalar un museo. Rosalía veuse adorada na Terra coa publicación dos seus traballo que permanecían inéditos.

## VIAXE AO BRASIL DO PRESIDENTE DA IRMANDADE GALEGA DR. FIZ FERNANDEZ

O presidente da Irmandade Galega, Dr. Fiz Fernández, delegado rexional arxentino do primeiro congreso médico mundial de homeopatía, que se celebrará no próximo outono no Río de Xaneiro, oficializado polo governo brasileiro, fixo no mes de febreiro unha xira pela veciña república, visitando de paso na capital carioca algunos galegos de significación, de xeito tal, que coñadamos interesantes as súas notícias ao respecto.

"Os galegos cariocas —manifesta o Dr. Fernández—, atopáñase hoxe rexurdindo ao traveso de certas circunstancias favorables, nas súas manifestacións ostensibles de emigrados conscientes que lembran da Terra a situación de inquietanza económica, consecuencia a súa vez da organización político-administrativa que fai de Galiza unha colonia da meseta. Rexurden, decimos pois o seu acogacemento nunca pasado de ser transitorio, ou máis ben descanso alerta pra estar sempre presentes no intre en que as circunstancias así o cixiran.

O noso conocido e benquerido Víctor Balboa decote sensato, sempre coñecedor profundo e sócio dos problemas galegos, mostroánca súa sinxeleza e sinceridá habituais, cales son os oustacíos que a coto teñen que afrontar ali, orixinados como é fácil maximizar na mesma usinía falanxista que se escorna dende anos diante da pétreca concencia galeguista da colectividá porteña.

Serxio Gómez por outra banda, de fonda raigáña democrática, vello loitador republicán, hoxe de cheo adicado á loita polas reivindicacións da cultura e dos direitos de Galiza, podemos decir dí que ten postos os seus intreses, a súa influencia e a súa capacidá por cintrero ao servizo da patria galega.

E no orde colectivo compre facer tamén unha lembranza diña de ser destacada, a posición variá da nova Casa de Galicia, onde o seu segredario Serxio Gómez atopa cordial acollida pra toda iniciativa de cíntalación dos nosos valores.

Así a creación dun coro galego pra manter e espallar a nosa música racial é un alto diño de gábanza. A organización dunha sección cívica que entró outros xa fixo unha homaxe a Lamas Caravalal, son iniciativas que moiouto e moiouto fan da actual posición moral dos galegos emigrados no Río".

Orgullosos dos nosos irmáns na Patria, que en terras brasileiras mantén acceso o facho dos nosos ideais, dende esta grande cidade do Plata chamada eufóricamente a maior cidade galega do mundo, onde campa o espírito imponente e o ensinio de Castelao acarón da loita de liberación da patria galega, ofrecemos aos nosos irmáns afincados no Brasil, as páxinas deste boletín da galeguidez co gallo d'estabelecer cordiais relacions cíntamade, relacions que coidamos doados, serían de grande proveito na nosa loita.

## DIRECCIÓN DE PRENSA:

C. Condes Tizado.

salvo moi raras excepcións — inda se non decataron que, o verdadeiro valor do diñeiro fica nas obras que se poída faguer con il, pra honrar-se, homorando á Patria en que fuimos nados